

Sobre a Aula de convivencia

Moisés Lozano Paz

Nos centros educativos galegos a conflictividade céntrase principalmente en 1º e 2º da ESO. Cada aula- clase é moi diversa en competencias e motivacións do alumnado. A miúdo notamos que para unha porcentaxe, que rolda o 12% dos alumnos e alumnas, os contidos teóricos que se lle ofrecen e co sistema de aprendizaxe que se lles presenta non lles resultan en absoluto motivadores nin lles aprecian significado algún. Como consecuencia a súa convivencia na aula- clase, tanto en relación ao profesorado como aos seus compañeiros e compañeiras, resulta en moitas ocasións insostible. As directivas dos centros, facultadas legalmente par iso, a miúdo reaccionan con expulsións, expedientes e saídas de aula- clase, con medidas sancionadoras, sen que medie algunha atención educativa e a posibilidade de cambio de conduta. Por iso en Comunidades autónomas como Andalucía e Castela a Mancha e outras veñen funcionando de xeito bastante xeneralizado as **Aulas de convivencia**, cunha programación específica.

En **Galicia** só un número moi pequeno de centros puxéronas en funcionamento de xeito altruístico, entre outras razóns, porque as administracións educativas dos últimos anos e algunhas asociacións educativas afíns non comprendían o alcance desta medida altamente innovadora e afanábanse con observar os problemas e os conflitos, cunha pedagogía oca, sen exporse a posibilidade de resolvelos. Existiron críticas e descualificacións sen sentido, descoñecedoras doutras alternativas, cun afán de falso progresismo, pechándose a outras iniciativas innovadoras que non foran as propias, que como afirmamos anteriormente, non ían máis alá da observación dos problemas escolares

Como se sinala na normativa andaluza a creación da **Aula de Convivencia** xorde, pois, como unha necesidade de dar resposta á atención educativa que require a **diversidade do alumnado** dos centros. Exponse como unha medida para intentar mellorar as condutas e actitudes daqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades na convivencia e, con iso, mellorar o clima de convivencia do grupo- clase e do centro no seu conxunto.

A Aula debe entenderse como **un espazo de reflexión** para o alumnado, que non ten un comportamento adecuado na aula-clase, xunto ao seu profesor ou profesora e aos seus compañeiros e compañeiras, e polo tanto necesita unha atención máis personalizada para a mellora das súas actitudes relacionadas coa convivencia no centro. A finalidade da Aula de convivencia **non debe entenderse**

como un aula e menos celda de castigo, senón pola contra un espazo de reflexión e de cambio de comportamentos e condutas

Que obxectivos ten esta Aula?

Entre os obxectivos desta Aula de convivencia están os seguintes:

- Mellorar o clima de convivencia do Centro en todos os espazos escolares (aula- clase, corredor, patio...),
- Crear espazos novos para aprender a resolver os conflitos de xeito pacífico, reflexivo, dialogado e transformador
- Participar no proceso educativo con principios solidarios,
- Educar para a integración satisfactoria na comunidade, pondo en práctica a aprendizaxe de servizo
- Potenciar as relacións interpersoais de cada participante coa súa contorno social e
- Mellorar a conduta do alumno ou alumna en cuestión
- Mellorar as habilidades sociais (principalmente as relacionadas coa autoestima, o control dos propios impulsos, o respecto, a solidariedade e a empatía

Que alumnado debe derivarse á Aula de convivencia?.

A Aula de convivencia é unha medida extraordinaria máis que se enmarca na resposta integral que o centro ten planificada para a mellora da convivencia. Os principais criterios de derivación do alumnado son:

- Alumnado que se mostra violento co profesorado, cos seus compañeiros e compañeiras ou co persoal non docente do Centro educativo
- Alumnado que estea impedindo e alterando de forma grave e reiterada o normal desenvolvemento das actividades lectivas
- Alumnado que manifesta continuas condutas disruptivas na aula
- Alumnado que desautoriza ao profesorado na clase ou no Centro
- Alumnado que molesta a outros compañeiros de forma reiterada
- Alumnado que deteriora o material do centro e o seu contorno

A decisión de derivar a un alumno ou alumna á Aula de Convivencia debe considerarse como unha **medida de carácter excepcional**, unha vez esgotados os demais recursos a disposición do profesorado

para garantir o normal desenvolvemento das actividades e, sempre que sexa posible, coas seguintes limitacións:

- Con carácter xeral, un profesor ou profesora non poderá enviar a máis dun alumno ou alumna na mesma hora á Aula.
- O máximo de alumnos ou alumnas na Aula será de **cinco**. (Poderá existir lista de espera)

A decisión de derivar un caso ou non á Aula de convivencia, debe ser da XEFATURA DE ESTUDOS, que debe estar asesorado pola Comisión de convivencia, que é democrática e componse dos representantes dos distintos sectores do Centro

Que criterios pedagóxicos deben existir para a atención educativa do alumnado na Aula de convivencia?

Inténtase que o alumno ou alumna que permanece na **Aula de Convivencia** non perda o normal desenvolvemento das actividades da clase, realizando na mesma as tarefas que o seu profesor ou profesora lle propón de acordo co temario que se está desenvolvendo na clase

Durante este proceso inténtase que o alumno ou alumna **reflexione sobre a súa conduta e as consecuencias da mesma** e contemple a posibilidade doutras actuacións ou respostas máis positivas e menos conflitivas ante situacións como a que provocou. Todo isto debe quedar reflectido na ficha de compromiso do alumno ou alumna, que este cumprimentará antes da súa reincorporación á aula- clase ordinaria

Citamos, entre outros, **os desexables criterios:**

- A existencia de coherencia e coordinación entre o profesorado que se ocupa da Aula de convivencia e o profesorado do grupo clase
- A eficacia na coordinación nas reunións de tutores
- A dimensión práctica e significativa da aprendizaxe para o alumnado da Aula de convivencia, que realizará os exercicios das materias correspondentes ás clases que non asiste, para que non perda o ritmo proposto ao seu grupo
- A especial sensibilidade e formación do profesorado que atenda aos alumnos e alumnas derivados á Aula, que deberá atender ás necesidades que lles poidan xurdir, fundamentalmente as relacionadas coas tarefas educativas que deban realizar
- A posibilidade de que en determinados casos, tamén o alumnado realice actividades de reflexión, relacionadas coa

mellora das habilidades sociais e a competencia social. Estas actividades poderán ser desenvolvidas tanto polo profesorado que atenda á Aula de convivencia como por parte do Educador Social, se o houbese, e o Departamento de Orientación.

- A dimensión pedagóxica que se deriva da posibilidade que debe ter o alumnado para practicar a técnica de aprendizaxe cooperativa e aprendizaxe de servizo, propios e adecuados para as aulas- clase diversas
- O alumnado deberá baixar á Aula de convivencia co material que o profesorado que o derivou lle debe achegar
- O compromiso do alumnado para mellorar a conduta, antes da volta ao grupo- clase é outra dimensión pedagóxica moi importante

Que condicións se deben dar para unha Aula de convivencia?

As ideas básicas para o funcionamento da Aula son:

- Que se contemple un espazo reducido do Centro, con carácter permanente para esta Aula
- Que sexa unha medida excepcional e temporal para ese grupo conflictivo de alumnos e alumnas
- Que nesta Aula asistan 5 alumnos e alumnas como máximo
- Que sempre existan tarefas a disposición dos alumnos e alumnas
- Que se cumprimenten a ficha de reflexión e compromiso do alumno e alumna
- Que o alumno ou alumna realice as tarefas encomendadas
- Que o profesorado encargado da Aula complemente a *ficha de control das tarefas* realizadas e a *ficha de rexistro diario* da Aula de Convivencia
- Que a Aula de Convivencia se use como alternativa á expulsión dun alumno ou alumna do centro
- Que se adestre en **habilidades sociais** (respecto, empatía e responsabilidade) e **emocionais** (autocontrol, forza de vontade, perseveranza, autoestima, concentración, automotivación e capacidade para facer fronte ás adversidades e superalas)
- Que o alumnado aprenda a resolver os conflitos de xeito dialogado e pacífico

Cal debe ser o procedemento para a derivación do alumnado á Aula de convivencia?

Existen dous procedementos de derivación, un ordinario e outro inmediato

1. Procedemento ordinario:

Dirixido ao alumnado que cometa unha falta moi grave ou que reincida en faltas graves. Este procedemento debe seguir os seguintes pasos:

- A Xefatura de Estudos, xuntamente co profesor ou profesora e o coordinador ou coordinadora da Aula de convivencia acordan o envío a esa Aula e o tempo de permanencia (de 1 a 5 días)
- O profesor ou profesora cumprimenta a *ficha de envío* e comunica a decisión aos pais- titores do alumno ou alumna
- No caso de reincidencia en faltas graves é a Xefatura de Estudos a que toma este acordo xuntamente co coordinador ou coordinadora da Aula de Convivencia e a que avisa aos pais ou titores
- O profesorado de grupo de referencia do alumno ou alumna preparan as tarefas que este deberá realizar durante o tempo da súa permanencia na Aula de Convivencia e preséntanas en Xefatura nun prazo non maior de tres días hábiles desde que se comunica a medida
- Tras a incorporación do alumno ou alumna á Aula de Convivencia, o profesor ou profesora responsable presentaralle a *ficha de auto- observación*, explicándolle previamente o sentido da mesma e aclararalle todas as dúbidas que xurdan. A continuación presentará progresivamente ao alumno ou alumna a tarefa académica correspondente a cada materia
- O profesor ou profesora responsable da última hora de permanencia do alumno ou alumna na Aula de Convivencia, encargarse de que este cumprimente a *ficha de compromiso do alumno* ou alumna antes de abandonar a Aula de Convivencia
- Todas as tarefas realizadas polo alumno ou alumna durante a súa permanencia na Aula de Convivencia serán repartidas pola Xefatura de Estudos aos profesores ou profesoras correspondentes para a súa corrección

2. Procedemento de envío inmediato

A eficacia de medidas pedagóxicas vén determinada en moitas ocasións pola inmediatez da medida de modificación de comportamento. Así deben terse en conta os seguintes aspectos:

- O profesor ou profesora envía á Aula de Convivencia a un alumno ou alumna cuxo comportamento impide o normal desenvolvemento da clase, nos supostos anteriormente sinalados. É unha medida para aplicar exclusivamente durante o período lectivo da súa clase na aula ordinaria
- O profesor ou profesora cumprimenta a *ficha de envío inmediato* e sinala as tarefas que o alumno ou alumna deberá realizar na Aula de Convivencia. Tamén informará aos pais-titores da medida tomada.
- O alumno ou alumna reincorporarase ao seu grupo no seguinte período lectivo, agás que sexa necesaria a intervención de Xefatura de Estudos.
- A Xefatura de Estudos leva un rexistro para tomar outras medidas no caso de que o alumno ou alumna sexan reincidentes

Que comunicacións deben emanar da Aula de convivencia?

O coordinador ou coordinadora da Aula de Convivencia informará dos compromisos ao profesor ou profesora da aula-clase na que se produciu o conflito. O profesor ou profesora que envía a un alumno ou alumna á Aula informará á familia deste

Semanalmente manterase unha reunión entre o profesor ou profesora coordinador da Aula de convivencia, e os responsables dos servizos de Orientación e Xefatura de Estudos, que se asesorará coa Comisión de convivencia do Centro

Trimestralmente elaborárase un *informe do funcionamento* da Aula que se trasladará aos Equipos Docentes nas sesións de avaliación, á Comisión de Coordinación pedagóxica e ao Consello Escolar

Que profesorado debe atender esta Aula de convivencia?

O **Plan de Convivencia do Centro** debe recoller o horario de funcionamento da Aula de Convivencia, así como as persoas responsables desta. Para a súa creación deberá contar cun número suficiente de profesores e profesoras que pola súa disposición horaria e/ou dispoñibilidade se encarguen da atención educativa do alumnado que asista á mesma

O centro poderá asignar ao resto do profesorado tarefas de atención e control da Aula dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro. Nos centros de Educación Secundaria poderase asignar profesorado de garda específico para a Aula

Así mesmo, para a atención do alumnado dentro da Aula poderase contar coa colaboración de profesionais do centro ou do Equipo de Orientación Educativa, incluíndo ao correspondente educador ou educadora social, co que deberían contar os centros galegos

Que criterios deben existir para a asignación do profesorado á Aula de convivencia?

Como sinalamos con anterioridade, a Directiva debe contemplar a posibilidade de asignar a responsabilidade da Aula ao profesorado máis sensibilizado cos problemas da adolescencia, polo seu coñecemento e mellor formado en resolución de conflitos. Así, en concreto terase en conta aos seguintes profesionais:

- Profesorado que voluntariamente pediu estar na Aula de convivencia e conta coa adecuada formación e sensibilidade
- Profesorado do equipo directivo formados que queren participar directamente na experiencia
- Profesorado do Departamento de Orientación
- Profesorado que ten experiencia ou formación en titorías, mediación de conflitos, etc.

Que horario de funcionamento debe ter a Aula de convivencia?

O horario de funcionamento da Aula é durante toda ou parte da xornada escolar (como mínimo durante **4 horas diarias**) e durante todo o curso escolar

Con todo poida que exista a posibilidade de que os alumnos ou alumnas acudan á Aula de convivencia, só nas horas nas que teñan a materia que imparte o profesor ou profesora co que tiveron conflito

Como debe ser a avaliación da Aula de convivencia?

Ao final de cada trimestre, e sobre todo ao final do curso académico, avaliarase, tras analizar todos os datos recollidos polo coordinador ou coordinadora da Aula de Convivencia, o funcionamento da mesma, e sobre todo a utilidade da Aula no que a convivencia dentro do centro se refire, podéndose modificar ao longo do curso ou en cursos sucesivos algún dos aspectos contemplados dentro desta proposta, a saber, modos de actuación, aspectos relacionados coas fichas que se cumprimenten, comunicación coas familias ou titores, etc.

A devandita avaliación levará a cabo tamén por parte de todo o profesorado, podendo este realizala por exemplo a través do cumprimento dunha enquisa que recolla aspectos relacionados co programa, enquisa que posteriormente será remitida á **Comisión de Convivencia** para a súa análise e posterior avaliación

Sobre as críticas á Aula de convivencia

Como xa se indicou con anterioridade, as críticas son demagóxicas e ampáranse nos prexuízos e na ignorancia. Mentres eses "profesionais" parecen preferir que ese grupo conflictivo de alumnos e alumnas permanezan fóra da súa clase, totalmente marxinados e non atendidos, sexan expulsados para as súas casas ou se lles aplique un expediente disciplinario para traspasar o problema a outro centro educativo.

Os centros de ensino teñen a obrigaón de atender, no propio Centro, en base a autonomía que lles recoñece a LOE, ao alumnado diverso e con medidas educativas. Naturalmente para isto é necesario un mellor aproveitamento dos recursos existentes e ás veces máis dotacións económicas en recursos e persoal. Naturalmente se esa Aula de convivencia puidese contar cun Taller, por exemplo, de mecánica, converteríao nunha experiencia aínda máis idónea, pois ese grupo de rapaces e rapazas motívanse moito máis pola vertente práctica que pola teórica, a falta dun ensino profesional do que carecen nesas idades.